

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE XANEIRO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a María Dolores Pan Lesta

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Daniel Mallo Castro
D. Ramón Boga Moscoso
D^a María Yolanda Díaz Baldomir
D. Óscar Tomas Barrientos Morales
D. Raúl Varela Fraguío
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e un de xaneiro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D. Ramón Boga Moscoso, D^a María Yolanda Díaz Baldomir, D. Óscar Tomás Barrientos Morales, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 14 DE XANEIRO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 14 de xaneiro de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 14 de xaneiro de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Instituto de Estudos do Territorio, anuncio de corrección de erros da Resolución do 11 de decembro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2025 (código de procedemento MT402B) tramitado como expediente anticipado de gasto. DOG número 9, de 15-01-2025.

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Orde do 19 de decembro de 2024 pola que se regulan as bases que rexerán a concesión das subvencións ás entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento BS320A). DOG número 9, de 15-01-2025.
- Servizo de Acción Social, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Deputación Provincial da Coruña, Resolución do presidente da Deputación número 1259, do 15 de xaneiro de 2025, pola que se aproban as bases reguladoras da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña e convocatoria para 2025. BOP número 10, de 16-01-2025.
- Instituto Galego da Vivenda e Solo, Resolución do 30 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións do Programa de infravivenda e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento VI406A). DOG número 11, de 17-01-2025.
- Consellería de Política Social e Igualdade, Orde do 23 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto do Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento SI461A). DOG número 12, de 20-01-2025.
- Consellería de Política Social e Igualdade, Orde do 26 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades locais de Galicia para a construción, rehabilitación, ampliación, reforma, adquisición e mellora do equipamento dos centros de información ás mulleres (CIM) acreditados ao abeiro do Decreto 130/2016, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento SI427D). DOG número 12, de 20-01-2025.
- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Orde do 20 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2025, destinadas ás entidades locais (código de procedemento MT811A). DOG número 13, de 21-01-2025.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 10 ao 16 de xaneiro de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 4/2025 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo núm. 23/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
4/2025	10-01-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14 de xaneiro de 2025
5/2025	13-01-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
6/2025	13-01-2025	Considerar desistida a MPB da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 4/11/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento

7/2025	13-01-2025	Considerar desistida a EAPG da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 18/9/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
8/2025	13-01-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante. MC
9/2025	13-01-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: CIGE
10/2025	13-01-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: LJMB
11/2025	14-01-2025	Nomear a MChP funcionario en prácticas ata a superación indispensable dun curso selectivo de capacitación na Academia Galega de Seguridade Pública na praza de policía local, encadrada na Escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Policía Local e pertencentes ó grupo "C", subgrupo "C1"
12/2025	13-01-2025	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 2 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar da Igrexa, parroquia de Cela. Solicitante: UFD DE, SA,
13/2025	14-01-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: OLC
14/2025	14-01-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MLSC
15/2025	14-01-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social solicitada con data 07/11/2024 destinada ao pagamento do recibo de alugueiro do mes de decembro de 2023 e parte do recibo de alugueiro do mes de xaneiro de 2024, por importe total de 600 euros, segundo o artigo 7 da ordenanza. Solicitante: EVRH
16/2025	14-01-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal no informe de fiscalización previa de data 4 de decembro de 2024 á proposta de nomeamento de GDM como bibliotecario-arquiveiro interino, isto con base no informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior o día 23 de decembro de 2024

17/2025	14-01-2025	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para designar a un dos integrantes da unidade técnica. Designar a EMC xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, como suplente de FMGN na unidade técnica designada no procedemento de contratación dos servizos para a organización e execución da XVI "Xuntanza o Maior"
18/2025	14-01-2025	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para designar aos integrantes da unidade técnica. Designar a BCP, funcionaria de carreira deste concello, axente de desenvolvemento local, como integrante da unidade técnica designada no procedemento de contratación das «Subministracións e servizos para a execución do taller de emprego "Proxedis Socio Sanitario-Educativo II"». Designar a EMC, xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, como suplente de FMGN, técnico de administración xeral, na unidade técnica de referencia
19/2025	15-01-2025	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: ECA
20/2025	15-01-2025	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: LCC
21/2025	15-01-2025	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: OCC
22/2025	15-01-2025	Aprobar a autorización e disposición do gasto e recoñecer e liquidar as obrigas, ordenar o pagamento así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento do importe complementario de seguridade social relativa á actualización das cotas de Seguridade Social derivadas da aplicación da Orde PJC/281/2024, do 27 de marzo, cun importe total de 185,54 170,08 355,62 euros
23/2025	16-01-2025	Solicitar unha subvención ao abeiro da resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña pola que se modifican as bases reguladoras de subvencións dirixidas a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025 para o financiamento da VIII Romaría Galaico Romana "Galaicoi" por importe de 30.000,00 euros, correspondendo á aplicación dunha porcentaxe subvencionable do 60,00 % ao orzamento subvencionable. Aprobar o orzamento subvencionable da VIII Romaría Galaico Romana "Galaicoi" para presentar ante a Deputación Provincial da Coruña, cun total orzamento subvencionable de 50.000,00 €



4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo